

MOCIÓN DE AER SOBRE OS SERVIZOS SOCIAIS

PLENO 5 MAIO 2014. ACTA 6/2014

É unha constante a preocupación e o debate sobre as necesidades dunha parte relevante da poboación, tanto a nivel estatal como en Redondela. A miúdo fanse apreciacións sobre se é moito ou pouco o orzamento adicado a paliar ditas necesidades, se a xestión dos medios económicos é adecuada, etc. Unha das eivas máis importante que observamos nestes debates é a falta de datos obxectivos sobre ditas necesidades e mesmo un mecanismo de autoavaliación que nos permita melloralo. É por iso que propoñemos os seguintes **acordos**:

- **Establecemento dun protocolo de recollida de datos de toda a veciñanza que se achegue aos servizos sociais onde se recolla o tipo de demanda e o grao de satisfacción co servizo.**
- **Elaboración dunha memoria anual na que se recolla o traballo realizado, a valoración e as propostas de mellora.**

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometida a votación a moción o punto primeiro da mesma é rexeitado por un voto a favor (concelleiro de AER) e vinte votos en contra (concelleiros do PP, do PS de G-PSOE e do BNG).

En canto ao segundo punto, o voceiro de AER decide retiralo para os efectos da súa consideración na comisión informativa de servizos sociais.